

Oviedo, 17 Xaneiro 1967.

Srs. Don Fermín Bouza Brey e
Don Ricardo Carballo Calero
COMPOSTELA e LUGO

Meus queridos amigos:

Vos supoño sabedores de que, maxuntanza da Academia do 18 pasado, fúchedes nomeados ensembra connigo pra informar sobor da proposta en favor de González Garcés como académico numerario, na vacante de Rey Seto (q.e.p.d.). Dita proposta, como saberedes, foi presentada por Ferró Couselo, Cunqueiro e Iriarte de Andrade.

De ningún xeito trato de torcer o voso criterio; somentes os quero adiantar que eu, pola miña parte, estou disposto a informar en contra. Con toda honradez, sin que me movan razóns personales --que nin existen nin serían quens de me dítar unha inxusticia-- coído que iste amigo non ten méritos bastantes, o que non é impeitizo pra que os teña en outros terreos. Un só libro de versos galegos e uns artigos de prensa sobre temas máis ou menos vencellados a Galicia, non me parecen méritos gabondo, maormente pensando nas moitas xentes que na nosa terra traballan con neivande adicación e cicéves con miras máis desinteresa-

das pola nosa cultura. Tal é o caso, precisamente, de Rafael Dieste, cuxa candidatura se opón á de Garcés, de xeito que si xa os méritos deste parécenme poucos, aínda resultan máis cativos opostos aos de Dieste.

Vexo, por outra parte, que nesta designación, polo que a min toca ao menos, hai algo de maquiavelismo estreito. González Garcés e os seus amigos saben que eu non estou ben disposto no seu favor; encomendándome o informe pónenme nun brete; si é favorábel --coma sen dúbida esperan, por respecto á tradición-- non podo logo refugar o voto; si fose desfavorábel, quedaría eu nunha postura pouco airosa, coma quen dí en evidencia. Non sei si no voso caso daránse as mesmas circunstancias.

Eu teño elixido a proposta en favor de Garcés máis o seu curriculum vitae, que é a cousa máis desmesurada que na miña vida vin, sómentes comparable ao globo de Betenzos. Dígovos que non quero mediar no voso criterio, pero vos rogo que, tal como eu fago, señades sinceros connigo. En Compostela podedes vervos un día e parolar do asunto. Si estades dispostos a informar a favor, eu non tería máis remedio que facelo. Si coincidides connigo, argallaríamos unha fórmula discreta, que de momento non se me ocorre.

En todo caso, un por un eu xuntos os dous, facédeme o favor de contestarme, ca posíbre urxencia. É un mal trance no que nos puxeron, polo menos a min, e quero saír del o máis axiña, porque hai que rixar a cotío ca vida e precisa un home ter a meirande tranquilidade posíbre.

Unha fonda aperta do voso amigo,

Esta carta vai a cada un de vos.